<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> <li>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O paso do tempo	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.	PE	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos da contorna social e cultural inmediata.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.	TI	60
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos da contorna natural, social e cultural.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> </ul>

## Contidos

- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A planificación do presente curso baseámola no traballo colaborativo do profesorado de Primaria e o profesorado de Educación Infantil para o desenvolvemento de programacións didácticas globalizadas baseadas en metodoloxías que non supoñan unha ruptura abrupta respecto das empregadas durante a etapa educativa que o alumnado vén de rematar.

Este primeiro nivel de Educación Primaria, está caracterizado por unha serie de trazos evolutivos que afectan ao desenvolvemento motriz, socio-afectivo e cognitivo dos nenos e nenas.

**Desenvolvemento motriz.** Os nenos/as forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co mundo. Ademais, neste período, afirmase a lateralidade, así como a organización espazo-temporal que facilita a orientación espacial.

**Desenvolvemento socio-afectivo.** Os nenos/as inician un maior achegamento aos compañeiros/as e presentan unha maior dependencia deles. Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, en compartir normas cos outros.

**Desenvolvemento cognitivo.** Os nenos/as atópanse nunha etapa intermedia do período preoperatorio, no que se preparan e organizan as operacións lóxico-concretas.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
  - Posibilitar que os alumnos/as realicen aprendizaxes significativas por eles mesmos/as.
  - Favorecer situacións nas que os alumnos/as deben actualizar os seus coñecementos.
  - Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos/as, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

Metodoloxía activa.

Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

Integración activa dos alumnos/as na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza / aprendizaxe.

Motivación.

Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos/as. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

Autonomía na aprendizaxe.

Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.

A gradación das actividades, que variará segundo a natureza de cada programa, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.

A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara novos temas.

Os recursos dixitais seran de utilización preferente e as actividades educativas desenhadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Atención á diversidade do alumnado.

A nosa intervención educativa cos alumnos/as asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Enfoque globalizador: supón proporcionar secuencias de aprendizaxe que fagan posibles e requiran contidos de distinto tipo e de distintas áreas, isto pode levar a cabo mediante centros de interese, proxectos, talleres.

Traballo en equipo: o neno/a ten unha faceta socializadora que debemos traballar, a través das asembleas, debates, conversa,...a comunicación verbal nas súas variadas manifestacións. Traballo en equipo (exposicións, dramatizacións,...), os xogos en grupo (simulacións, xogos de rol, xogos de taboleiros de animación a lectura,...).

O xogo como actividade motivadora e promotor da creatividade, ten un valor significativo e activa a mente na zona de desenvolvemento próximo.

E importante a auto-educación, nun ambiente preparado, cos materiais adecuados acordes ao desenvolvemento do/a neno/a, cun acompañamento personalizado por parte do adulto.

Sensibilidade pola educación en valores.

O progresivo acceso a formas de conducta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos/as fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado



do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...

Avaliación do proceso educativo.

A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a aportación de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

Clima de seguridade e confianza: creación dun ambiente cálido, acolledor, que o neno/a se sinta querido e confiado para adquirir seguridade.

Organización do espazo, recursos e tempos: é fundamental para a consecución de intencións educativas. Traballo por talleres e proxectos, recursos (personais; ambientais- museos, biblioteca-, económicos; organizativos- a súa ubicación na aula; e didácticos: material variado e adaptado, TICS e secuencia temporal planificada. Preparación de recunchos para traballar distintas actividades de xeito individual ou por parellas.

Relación coas familias: mediante o labor conxunto familia/escola favorécese unha educación de calidade, promóvese que as familias participen de forma directa na dinámica da aula e nos proxectos anuais de centro (contacontos, charlas, talleres, recursos,...)

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libreta e caderno
Computador de aula
PDI
Computadores da sala de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Aula virtual do centro
Liveworksheets

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as cualidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).
- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).
- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).
- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.
- A habilidade de organizar a súa actividade ordenando secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.
- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	40	40	40	40	40	<b>38</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	60	60	60	60	60	<b>62</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

### Criterios de recuperación:

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- O nivel de coñecementos.
- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A intervención educativa na etapa de Educación Primaria atenderá á diversidade do alumnado, é dicir, centrarase nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Ademais, porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á

ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou da historia familiar.

A diversidade é un elemento constitutivo dunha sociedade democrática coma a nosa. A atención á diversidade establécese coma un principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

O obxectivo final que perseguimos é a integración total do alumnado e a igualdade, referíndose tanto a igualdade de oportunidades coma a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Para poder facer realidade este obxectivo realizaranse as adaptacións de acceso ao currículo, así como dos elementos curriculares que sexan precisos para atender as necesidades de todo o alumnado.

Finalmente, hai que ter en conta que a atención á diversidade refírese ás necesidades de todos os alumnos/as, non só daqueles que presentan necesidades de atención específica de apoio educativo, xa que cada alumno é único e ten necesidades persoais que o diferencian dos demais. Faise, por tanto, necesario por parte dos educadores o emprego de estratexias que garantan a atención á diversidade.

Teremos en conta unha serie de pautas referidas a:

- Un contexto da aula no que se levará a cabo unha atención individualizada e personalizada, atendendo aos ritmos e necesidades de cada un dos alumnos/as para garantir unha educación de calidade e previr posibles problemas e dificultades.
- Unha organización de tempos, espazos e materiais, que faciliten a aprendizaxe significativa, por medio da exploración, a manipulación, a observación...
- Unha metodoloxía adaptada ao contexto da aula na que prime o fomento da innovación e a investigación, o traballo por tarefas e pequenos proxectos, recunchos, talleres, centros de interese... Realizaranse tamén actividades que reforen as aprendizaxes duns e actividades que amplíen as de outros.
- Unha actitude positiva por parte do profesorado.
- Unha boa coordinación de tódolos axentes implicados no proceso educativo, cooperación coas institucións e as administracións públicas, e ao mesmo tempo, coas familias, nun clima de confianza e entendemento mutuo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal	Visita dos Reis Magos	X		
Magosto	Asado e degustación de castañas	X		
Samaín	Concurso de cabazas	X		
Día da Paz	30 de xaneiro		X	
Semana da ciencia	Semana da ciencia na escola		X	
Contacontos	Concello	X	X	X
Saída didáctica	sin programar			X
Día dos oceanos	Saída á praia			X

#### Observacións:

Asistiremos a todas as actividades complementarias que xurdan ao longo do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Consegiuse motivar ao alumnado?
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

#### Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

## **9. Outros apartados**